

ADDENDA NÚMERO 3 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O ACONDICIONAMENTO DO TREITO DA ESTRADA AC-543 ENTRE OS PP.QQ. 8+390 AO 10+000 E CAMBIO DE TITULARIDADE EN FAVOR DO CONCELLO

REUNIDOS

Dunha parte, María Martínez Allegue, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 9.2.a) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Pablo Lago Sanmartín, na súa condición de alcalde do Concello de Brión actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Todas as partes recoñécense na calidade coa que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto,

EXPOÑEN

O 21 de xaneiro de 2023 asinouse un convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Brión para o acondicionamento do treito da estrada AC-543 entre os pp.qq. 8+390 ao 10+000 e cambio de titularidade en favor do concello.

Neste convenio a AXI comprometeuse a financiar a actuación ata un máximo de 423.781,90 € con cargo á partida 09.A1 512B.760.0, código de proxecto 1999-06714 dos seus orzamentos e repartido nas seguintes anualidades:

Anualidade	Importe (€)
2023	211.890,95
2024	211.890,95

O Concello de Brión asume o financiamento do 30% restante.

O 8 de novembro de 2023 asinase unha addenda pola que se transfire a totalidade da anualidade 2023 a 2025 debido a problemas orzamentarios do concello.

O 14 de outubro de outubro de 2024 asinase unha segunda addenda para transferir toda a anualidade prevista no 2024 a 2025.



O 25 de setembro de 2025 o Concello de Brión solicita a sinatura dunha nova addenda. Basea a solicitude na imposibilidade de finalizar as obras na data prevista xa que a licitación realizouse por unha actuación máis ampla da recollida na memoria valorada que se tivo en conta na redacción do convenio. Por razóns de eficiencia, eficacia e economía e avaliando o estado obsoleto e as moitas deficiencias das canalizacións optouse pola súa substitución antes de pavimentar o tramo do vial da AC-543, sen que dito incremento afecte a chegada da Axencia Galega de Infraestruturas. Propón trasladar a totalidade da anualidade 2025 ao ano 2026, sen que esta modificación incremente as anualidades inicialmente previstas.

A solicitude do Concello de Brión afecta ás cláusulas cuarta, relativa aos compromisos da AXI, quinta referente á xustificación e pagamento e décimo primeira que determina a vixencia do convenio.

En base aos argumentos e xustificación dada polo Concello de Brión é preciso asinar unha nova addenda ao convenio na que se modifiquen as cláusulas cuarta, quinta e décimo primeira para pasar a totalidade da anualidade 2025 a 2026, recoller os gastos subvencionados ata o ano 2026 e modificar a vixencia do convenio.

Entendendo as partes que as condicións que motivaron a sinatura do convenio son plenamente vixentes e os seus obxectivos son invariables no tempo en consecuencia,

ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio citado, co fin de modificar as cláusulas cuarta, quinta e décimo primeira, que quedan coa seguinte redacción:

CUARTA.- COMPROMISOS DA AXI.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar a actuación, destinando para iso ata un máximo de **catrocentos vinte e tres mil setecentos oitenta e un euros con noventa céntimos (423.781,90)**, con cargo a partida orzamentaria 11.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714 dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas distribuídos do seguinte xeito:

Anualidade	Importe (€)
2025	0,00
2026	423.781,90



QUINTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO. Esta cláusula mantén a súa vixencia coa seguinte modificación:

Serán subvencionables os gastos realizados durante o ano 2026.

DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026 e financiará os gastos realizados nas condicións establecidas na cláusula quinta.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, asinándose dixitalmente

A presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, María Martínez Allegue

O alcalde do Concello de Brión, Pablo Lago Sanmartín

